



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN MARCO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS, DIDÁCTICAS E DE DIFUSIÓN.

A directora xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, formalizou coa Fundación Marco o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15 de novembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración no desenvolvemento da programación anual de actividades expositivas, culturais, didácticas e de difusión no Museo de Arte Contemporánea para o ano 2017.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude no Real Decreto 2434/1982, de 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

No seu ámbito de competencias, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e conservación do noso patrimonio cultural.

De acordo co artigo 26 da Lei de subvencións de Galicia, para o outorgamento desta subvención non é posible promover a concorrência pública xa que no estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2017 figura unha dotación a favor da Fundación Marco. O carácter singular das actividades subvencionadas fai que non poidan ser realizadas por outra institución coa protección nacional e internacional do Marco e que resulta de utilidade pública tanto pola diversidade de sectores como polo número de persoas que participan nelas.

Por todo o anterior, é a Fundación Marco a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Cultura

Edificio Administrativo de San Caetano
Bloque 3 , 2º andar
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 544 814/813
secretaria.xeral.cultura@xunta.es
web: <http://www.cultura.gal/>



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asíñase esta memoria en Santiago de Compostela

